

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA PARA A PROFESIONALIZACIÓN, ADAPTACIÓN Á NOVA DEMANDA E COMERCIALIZACIÓN DE NOVOS PRODUTOS, REACTIVACIÓN E INCENTIVACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia (APITgalicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e APITgalicia para a profesionalización, a adaptación á nova demanda e a comercialización de novos produtos, reactivación e incentivación da contratación dos guías de turismo de Galicia, que será levado a cabo a través de dous eixos fundamentais:

Eixo 1. Creación de produto nos Camiños de Santiago, incentivación na contratación dos guías de turismo de Galicia e apoio e soporte a outros axentes do sector turístico (axencias de viaxes, opcs, hostaleiros, etc...) que apostan polo xacobeo21 e crean produto en Galicia.

Eixo 2. Profesionalización e adaptación á Axenda 2030 e á nova era dixital do colectivo de guías de turismo de Galicia mediante a creación dun plan estratéxico de formación e a creación dunha sección para a profesionalización e especialización dos guías de turismo, sentando a base para un selo de calidade que avale a súa profesionalidade..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar **fundaméntase** no seguinte:

**Primeiro.-** - A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos..

**Segundo.-** A Asociación Profesional de Guías de Turismo (en diante APITgalicia) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 1977 tendo como fin a representación, defensa e promoción dos intereses sociais, económicos, profesionais, culturais e de formación dos seus afiliados (artigo 6 dos seus estatutos).

APITgalicia é nestes momentos a única asociación profesional que defende en exclusiva os intereses dos guías de turismo en Galicia. Forma parte da federación estatal CEFAPIT e, a través desta, dos organismos europeos FEG e mundial WFTGA.

**Terceiro.-** - Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID19, mudaron profundamente.





A pesar dos esforzos continuos levados cabo polo sector e as colaboracións e apoios das Administracións; as restricións no número de turistas e visitantes por grupo, normas cambiantes e peches perimetrais supuxeron que o sector do guiándose atope en estado crítico e con malas expectativas.

Pese aos esforzo por promocionar Galicia como un destino seguro entre os turistas e adaptarse as novas medidas e protocolos de hixiene e diminución de riscos fronte a COVID-19 para guías e visitantes, os servizos en previsión para o primeiro semestre veñen de cancelarse. A problemática dunha inmunización xeneralizada, non só a nivel nacional senón tamén a nivel europeo e mundial, está a provocar as cancelacións en cadea. Por esta razón, o sector do guiado aposta para o que resta do ano turístico polo turismo de proximidade.

**Cuarto.-** No citado contexto e co obxectivo de reactivar a actividade do devandito colectivo, dende a Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia (APITgalicia), propoñen un plan de actuación mediante un convenio de colaboración con Turismo de Galicia para o desenvolvemento e implementación dunha serie de medidas que fomenten un colectivo máis forte, máis profesional e preparado para novos tempos e novos mercados que están a xurdir nesta nova era dixital e globalizada.

Por este motivo resulta de interese público para o turismo de Galicia a participación e apoio nas accións obxecto do presente convenio, como medidas encamiñadas á reactivación do sector turístico fronte aos efectos derivados da crise sanitaria provocada pola COVID-19. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a citada Asociación a única entidade que poden desenvolver o seu obxecto ao tratarse do único organismo existente en Galicia que aglutina exclusivamente ao colectivo dos guías de turismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen, ao





ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

